



Acta VI Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA

Venres 16 de xaneiro de 2015 no Centro Social Pontevedra Leste

Sendo as 20,00 horas e con 19 persoas presentes da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Debate e votación do Código Ético da Marea
3. Debate e votación do Regulamento de Primarias
4. Eleccións da Comisión Electoral
5. Varios

ACORDOS:

1. Aprobase por unanimidade a acta da asemblea anterior con algunha engádegas e emenda xa feita.

2. Hai consenso sobre o texto do Código Ético aunque con engádegas. No 5º non contratar en 2 anos con empresas coas que traballaras no concello. punto e no punto 7º engádegas para limitar a porta xiratoria e os familiares do primeiro grado e os familiares políticos.

Aprobase por unanimidade o Código Ético da Marea.

3. Debatese sobre a paridade na lista electoral. Dous sistemas: cremalleira e por bloques de 5 (3h2m-3m-2h...ad finitum). A proposta orixinal é a lista cremalleira potenciando a participación das mulleres.

David Carballal propon unha proposta intermedia que si á candidatura se presentan mulleres >40% cremallera e si non por bloques 3-2; 2,3....

Votase: 12 votos a favor da lista cremalleira, 2 votos a favor da proposta 40%

Debatese sobre a composición da lista de non presentarse 25 candidatos/as.

Acordase que o resto da lista e os suplentes o decida unha asemblea da Marea.

Debátese sobre os avais. Tal como está redactado non está ben 10 avais para os que van de recheo (mellor 3 avais). **Aprobase 10 avais para cabeza de lista e 3 para os restantes candidatos.**

Debátese sobre a votación virtual...control do voto sin chanchullos. O millor si non hai fiabilidade é millor 2 días de votación física.

Apostase polo voto virtual quedando o control en mans da Comisión Electoral que demandara formas de control (DNI escaneado, un voto por cada correo, explicacións de vinculación con Pontevedra, posibles chamadas en caso de dúbida, ...). **O voto por correo se fara do 4 ao 6 para descargalo nas urnas o día 7.**

Elimínase a obriga da cota de 1 euro para votar.

Aprobase o calendario definitivo:

- 16 de xaneiro: aprobación do regulamento
- 23 xaneiro: inicio das primarias e período de 8 días para presentación candidaturas (ata 30 de xaneiro) e 12 días para inscrición electores (3 de febreiro)
- 31 de xaneiro: xornada de rúa para captación de votantes.
- 3 de febreiro: Xornada de presentación candidatos. Estilo Pontevedra pregunta. Coñece os candidatos.
- 4, 5 e 6 de febreiro: votación electrónica 20:00 horas se pecha.
- 7 de febreiro: votación en urna de 10:00 ás 19:00 horas.

Débese nomear a Comisión electoral 3 persoas máis é aberta pódese fiscalizar por máis persoas da Marea que o queiran.

4. Aprobase por unanimidade a composición da Comisión Electoral que queda conformada por Jaime Acuña, Xoán Hermida e Carmen Moreira.

5. Varios:

- Finanzas Esteban e Toño. Farase unha achega de cartos 5 euros.
- Terase unha xuntanza co portavoz da policía local a petición súa.
- Facer un modelo para avais dos candidatos ás dúas furnas.

Sendo as 21,38 horas e sen máis asuntos que tratar levántase a sesión.

Secretario de Actas: Jose A. Ramírez